



PLAN DE EVACUACIÓN - INSTRUCCIÓN PARA O ALUMNADO

1. Os alumnos/as deberán seguir as indicacións do seu profesor/a e en ningún caso deberán seguir iniciativas propias.
2. Os alumnos/as que recibisen instrucións concretas do seu profesor/a (pechar as ventás, contar os compañeiros, etc.) deberán responsabilizarse do seu cumprimento e colaborar no mantemento da orde do grupo.
3. Previamente á evacuación, os alumnos/as deberán saber cal é a vía de evacuación desde a aula ou lugar no que se atopen, segundo as instrucións dos palnos de evacuación que hai en cada espazo do centro.
4. Os alumnos/as non recollerán os seus obxectos persoais, coa fin de evitar obstáculos e demoras. No caso de estar nunha aula con ordenadores encendidos, éstos deberán ser apagados.
5. O alumno/a que se atope nos aseos, nos corredores ou en calquera outro lugar que non sexa onde está o seu curso, deberá incorporarse inmediatamente ao seu grupo. Se se atopase nunha planta distinta, o alumno/a incorporárase ao grupo máis próximo e xa no exterior buscará ao seu grupo e incorporárase ao mesmo, comunicándollo ao profesor/a.
6. Todos os movementos se realizarán con rapidez e con orde, nunca correndo nin empurrando ou atropelando aos demais; tampouco se pode volver atrás baixo ningún concepto nin parar polo camiño (por exemplo para ir ao servizo, coller ou deixar algo nas taquillas, etc).
7. Ninguén deberá deterse xunto ás portas de saída do centro.
8. O alumnado deberá evacuar o centro en silencio, con orde, con rapidez pero sen correr, evitando atropelos e axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas. A evacuación farase en dúas ringleiras, unha por cada lado do corredor, que corresponderá co lado no que estea a aula. Na evacuación deberase respectar o mobiliario e o equipamento escolar e atenderase en todo momento ás instrucións do profesor/a correspondente.
9. A evacuación seguirá a seguinte orde:
 - a) Desaloxarán o edificio en primeiro lugar os ocupantes da planta baixa.
 - b) Ao mesmo tempo, os das plantas superiores achegaranse ás escaleiras correspondentes á baixada, e esperarán instrucións para baixar, que lles serán dadas cando a planta inferior estea completamente desaloxada.
 - c) O desaloxo de cada planta farase por grupos, saíndo en primeiro lugar os



ocupantes das aulas máis próximas ás escaleiras, de maneira ordenada e sen misturarse os grupos.

10. No caso de que nas vías de evacuación haxa algún obstáculo que dificulte a saída, será apartado polos alumnos/as ou os profesores/as, de xeito que non provoquen caídas das persoas ou deterioro dos obxectos.
11. En todos os casos, os grupos permanecerán unidos e se concentrarán nun punto de encontro no exterior do edificio, coa fin de facilitar ao profesor/a o recuento e control do seu alumnado.

PLAN DE EVACUACIÓN - INSTRUCCIÓN PARA O PROFESORADO

1. O xefe de emerxencia será a persoa que ocupe a dirección do centro ou un membro do equipo directivo. O xefe de emerxencia activará o plan de evacuación, supervisará o proceso e tomará sobre a marcha as medidas que considere oportunas. Por parte da dirección do centro designarase un coordinador xeral (e o seu substituto) que asumirá a reponsabilidade do simulacro e coordinará todas as operacións do mesmo.
2. Designarase un coordinador (e o seu substituto) por cada planta; responsabilizarse das accións que se efectúen en dita planta, así como de controlar o tempo de evacuación total da mesma e o número de alumnos desaloxados.
3. Con anterioridade suficiente ao día do simulacro, todo o profesorado se reunirá co coordinador xeral e os coordinadores de planta, co obxecto de confirmar o procedemento de evacuación, aclarar dúbidas, elaborar o plan a seguir de acordo coas características do edificio e prever todas as incidencias da operación, planificando os fluxos de saída, determinando os puntos críticos do edificio, as zonas exteriores de concentración de alumnos e as saídas que se vaian a utilizar.
4. Designarase unha persoa encargada de cada saída e outra situada no exterior do edificio, que controlará o tempo total de evacuación do mesmo.
5. Cada profesor se responsabilizará de controlar os movementos do alumnado ao seu cargo, de acordo coas instrucións do coordinador xeral e da persoa coordinadora de planta.
6. Cada profesor, na súa aula, organizará a estratexia do seu grupo designando aos alumnos/as máis responsables para realizar funcións concretas, como cerrar xanelas, contar os compañeiros/as, controlar que non se leven obxectos persoais, axudar a algún compañeiro con discapacidade ou mobilidade reducida, etc.



7. Despois de desaloxar a aula, cada profesor/a comprobará que a aula quede baleira e que as portas e as ventás queden cerradas, asegurándose de que ningún alumno/a quede nos servizos ou en calquera outro sitio.
8. Unha ou varias persoas estarán encargadas de desconectar, cando soe a alarma, as instalacións xerais do edificio
9. Unha ou varias persoas estarán encargadas de asistir na evacuación ás persoas discapacitadas ou con mobilidade reducida. Esta persoa pode ser un membro do alumnado.
10. Con antelación ao día do simulacro, a Dirección do centro informará ás familias dos alumnos/as sobre o exercicio que se pretende realizar, pero sen precisar nin o día nin a hora en que se fará.
11. Tamén con varios días de antelación, se informará ao alumnado dos detalles e os obxectivos do simulacro, explicándolles as instrucións que deberán seguir.
12. O momento exacto do simulacro será determinado polo director do centro e non se comunicará a ningunha persoa relacionada (profesorado, familias, persoal non docente, etc.) co obxecto de simular unha emerxencia real.
13. Previamente á evacuación, os alumnos/as e o persoal do centro deberán saber cal é a vía de evacuación desde a aula ou lugar no que se atopen, segundo as instrucións dos planos de evacuación que hai en cada espazo do centro.
14. Ao comezo do exercicio emitirase un sinal de alarma suficientemente potente e claramente diferenciado doutros sinais acústicos (como o timbre do horario) para que poida ser inmediatamente identificado como aviso de emerxencia. Pode ser a alarma do centro, un megáfono, un asubío, etc.
15. A evacuación seguirá a seguinte orde:
 - a) Desaloxarán o edificio en primeiro lugar os ocupantes da planta baixa.
 - b) Ao mesmo tempo, os das plantas superiores achegaranse ás escaleiras correspondentes á baixada, e esperarán instrucións para baixar, que lles serán dadas cando a planta inferior estea completamente desaloxada.
 - c) O desaloxo de cada planta farase por grupos, saíndo en primeiro lugar os ocupantes das aulas máis próximas ás escaleiras, de maneira ordenada e sen misturarse os grupos. A evacuación farase en dúas ringleiras, unha por cada lado do corredor, que corresponderá co lado no que estea a aula.
16. Non se utilizarán neste simulacro outras saídas que non sexan as establecidas no plan de autoprotección do centro por medio dos planos existentes en todos os espazos do mesmo.
17. Non se utilizará o ascensor para a evacuación nin se abrirán portas ou ventás, que en caso hipotético de fogo, favorecerían as corrientes de aire e a propagación das chamas.



18. Tendo en conta que os alumnos/as poden instintivamente dirixirse ás saídas ou escaleiras que usan habitualmente e non coincidir estas coas establecidas no plan, é aconsellable insistir moito neste aspecto, sendo o profesor de cada aula o responsable de conducir ao alumnado ao seu cargo na dirección de saída correcta.
19. Por parte do persoa do centro procurárase non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo, para evitar transmitir esta actitude ao alumnado, que levaría a consecuencias negativas.
20. Unha vez desaloxado o edificio, o alumnado concentrárase por grupos en puntos de encontro no exterior do edificio, sempre baixo control do profesorado responsable, quen controlará a presenza de todos os alumnos/as do seu grupo e que e
21. Non se retirarán os vehículos da zona de aparcamento.
22. Finalizado o exercicio de evacuación, o equipo coordinador inspeccionará todo o centro coa finalidade de detectar posibles anomalías ou desperfectos que se puideran ocasionar. Cando o considere oportuno, o xefe de emerxencia dará a orde para que todos os participantes no simulacro volten aos seus lugares correspondentes.
23. É esencial para o bo resultado do simulacro a coordinación entre o profesorado, tanto na planificación como na realización. O profesorado responsabilízase ao máximo do comportamento do alumnado ao seu cargo, co obxecto de evitar accidentes de persoas e danos nas cousas.